– Busardo ratonero (*Buteo buteo*) (LESRPE). É a especie máis afectada polo proxecto debido á súa abundancia: 77 contactos cun total de 86 individuos detectados. A existencia de numerosas fontes de alimento, así como numerosas zonas forestais onde nidificar, fan que esta especie faga gran uso da zona de estudo. Na documentación rexístrase contactos durante todo o período de estudo.

– Peneireiro vulgar (*Falco tinnunculus*) (LESRPE) con 28 contactos e 29 individuos detectados. O promotor considera que a máxima probabilidade de aparición localízase ao este da área de estudo e nas proximidades do aeroxerador T02 (eliminado da configuración final de parque eólico). Con todo, considera certa probabilidade de aparición entre nos aeroxeradores T02, T07, T15, T16 e T17. Os contactos rexistráronse durante todo o período de estudo.

– Agachadiza común (*Gallinago gallinago*) (non incluída en LESRPE e «En Perigo de extinción» en CGEA). O EsIA identifica 22 individuos durante a invernada, próximos á futura implantación dos aeroxeradores T14, T15, T16, T17 e T18.

– Aguilucho cenizo (*Circus pygargus*) (vulnerable en CGEA e no Catálogo Español de Especies Ameazadas –CEEA en diante–). Con 4 exemplares detectados (3 machos e 1 femia), sendo un dos machos o único detectado dentro da poligonal do parque eólico.

– Aguilucho pálido (*Circus cyaneus*) (vulnerable en CGEA). Cun único exemplar detectado preto do humidal próximo á futura implantación do aeroxerador T15.

– Aguia perdicera (*Aquila fasciata*) (vulnerable en CGEA e en CEEA). Soamente detectouse un exemplar ao suroeste do lago das Pontes.

Con respecto ás especies ameazadas e en perigo de extinción cómpre ter en conta a normativa vixente que indica:

Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas.

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluirá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4

que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

a) En perigo de extinción.

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

b) Vulnerable.

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

VIII.- AFECCIÓN SEVERA A MASAS DE AUGA SOTERRADAS, A ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES, A MASAS DE AUGA SUPERFICIAL E A ZONAS DE CAPTACIÓN SENSIBLES QUE SE SOLAPAN COA REDE NATURA 2000



Código masa de agua ES014MSBT014-012

Nombre masa de agua Eume

Superficie (km2) 428,739

Código Demarcación Hidrográfica ES014

Nombre Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA


Código masa de agua ES014MSBT014-013

Nombre masa de agua As Pontes


Superficie (km2) 43,434

Código Demarcación Hidrográfica ES014

Nombre Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA



| | |
|----------------------|---|
| Cód. Temático | ES014MSBT014-012 |
| Esquema temático | euProtectedAreaCode |
| Nombre | Eume |
| Fecha de designación | 14/09/2012 |
| Tipo de zona | drinkingWaterProtectionArea |
| Nombre base legal | Directive 2000/60/EC of the European Parliament |
| Link base legal | Ver link base legal |
| Ámbito base legal | european |
| Superficie (km2) | 427,166 |




Cód. Zona de captación de zona sensible ESCM995

Cód. Zona sensible asociada a zona de captación ESCA995

Zona de captación de zona sensible **Area de captación de la zona Ría de Ferrol**


Tipo de zona UWWCMSA

Tipo de zona especializado A523



Código masa de agua **ES014MSPFES-014-NR-101-038-01-00**

| | |
|---------------------------------|--|
| Nombre masa de agua | Río Maciñeira |
| Código Demarcación Hidrográfica | ES014 |
| Nombre Demarcación Hidrográfica | GALICIA-COSTA |
| Categoría | Río |
| Naturalidad | Natural |
| Código tipo | R-T21 |
| Nombre tipo | RÍOS CANTABRO-ATLÁNTICOS SILÍCEOS |
| Tipo común intercalibración | RW-R-C3 - Central/Baltic, small, mid-altitude, siliceous |



Localización da parcela onde se prevé o desenvolvemento da Subestación Tesouro, con un alto grao de permeabilidade e risco de inundación.



Detalle da hidroloxía da parcela onde se localizaría o proxecto eólico Tesouro.


- **AFECCIÓN SEVERA ÁS LAGOAS E HUMEDAIS PRESENTES NA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO EÓLICO TESOURO**




Detalle da Lagoa FID 2084, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.




Detalle da Lagoa FID 2289, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.




Detalle da Lagoa FID 2294, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.




Detalle da lagoa FID 2080, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.



Detalle da lagoa FID 2079, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.



Detalle da lagoa FID 2083, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.



Detalle da lagoa FID 2088, na área de implantación das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro.

Non todas estas áreas húmedas ou humedais se tiveron en conta durante a tramitación ambiental do proxecto eólico Tesouro.

De feito conséntase a presenza dun elevado número de anfibios e réptiles vencellados a estes espazos e que precisamente atópanse clasificados coa categoría de vulnerable como pode ser: *Alytes obstetricans*, *Chioglossa lusitánica*, *Coronella austriaca*, *Discoglossus galganoi*, *Epidalea calamita*, *Hyla molleri*, *Lacerta schreiberi*, *Pelophylax perezi*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, ...etc.


Téñase en conta o concepto de humedal no sentido máis amplo, non só polo principio de prevalencia da protección ambiental e do principio de precaución, senón que apélase ao explicitado na declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (ANUNCIO do 13 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (expediente

2019AAE2354)), DOG Núm. 81, de 28 de abril de 2022, que recoñece que existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas. Ademais establece a categoría dentro das Zonas protexidas.


Polo tanto, se o espírito da estratexia da planificación hidrolóxica citada é establecer medidas para outras zonas húmidas, incluso aquelas que non aparecen nos inventarios, coa finalidade de protexelas, cómpre anticipar a protección destes espazos tendo en conta as particularidades e singularidades destes en Galicia, que mesmo atinxen a zonas de vaguadas, portos, portiños, brañas, brañóns, corgas, paraxes ribeiregas, veigas ou chairas de inundación dos leitos fluviais...etc.




Por RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, inclúense catrocentas zonas húmidas no Inventario de zonas húmidas de Galicia, DOG Núm. 50, de 13 de marzo de 2023. Entre elas, figura o Lago das Pontes, á beira das intalacións do proxecto eólico Tesouro e con unha incidencia visual e paisaxística severa e crítica sobre o mesmo durante a vida da estación eólica, polo que a afección considérase permanente.




Lago das Pontes




Encoro da Ribeira, próximo ás instalacións do proxecto eólico Tesouro.




Turbeiras do Forgoselo (Val), á beira das instalacións do proxecto eólico Tesouro e con unha incidencia visual e paisaxística severa e crítica sobre o mesmo durante a vida da estación eólica, polo que a afección considérase permanente.




Turbeiras do Fergoselo (Castro), á beira das intalacións do proxecto eólico Tesouro e con unha incidencia visual e paisaxística severa e crítica sobre o mesmo durante a vida da estación eólica, polo que a afección considérase permanente.




Zonas ben conservadas en estudo – Serra do Xistral, á beira das intalacións do proxecto eólico Tesouro e con unha incidencia visual e paisaxística severa e crítica sobre o mesmo durante a vida da estación eólica, polo que a afección considérase permanente.



Turbeiras do Fargoselo (Castro) na Serra do Fargoselo, incluída no Plan de recuperación da Escribenta das canaveiras, Zona de distribución potencial da especie.




Detalle das zonas protexidas e dos numerosos aeroxeradores na Serra da Faladoira. Cómpre ter en conta que os proxectos eólicos Tesouro, Santuario, Badulaque e Moeche prevese a súa implantación nunha área con unha alta concentración de aeroxeradores.




Zonas ben conservadas en estudo – Xubia -Castro á beira das intalacións do proxecto eólico Tesouro e con unha incidencia visual e paisaxística severa e crítica sobre o mesmo durante a vida da estación eólica, polo que a afección considérase permanente.

IX.- AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA, CRÍTICA E PERMANENTE NO TEMPO DURANTE A VIDA ÚTIL DA ESTACIÓN EÓLICA TESOURO. AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA OS ESPAZOS PROTEXIDOS. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA E PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA DOS ESPAZOS CATALOGADOS




O proxecto eólico Tesouro prevé unha afección visual e paisaxística severa sobre a Rede Natura 2000 e o Parque Natural das Fragas do Eume:

1. ZEC ES1110001 Ortigueira-Mera
2. ES1110013 Xubia – Castro
3. ES1110003 Fragas do Eume - DECRETO 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declaran o parque natural das Fragas do Eume.
4. ES1120003 Parga - Ladra – Támoga
5. ES1120015 Serra do Xistral



Alto grao de permeabilidade da área de implantación da planta de hidróxeno e da implantación do proxecto eólico Tesouro



Afección visual e paisaxística severa sobre as Fragas do Eume




Detalle do parque eólico Tesouro e a súa afección visual e paisaxística severa, crítica e permanente sobre a AEIP Lago das Pontes





Infografía dos proxectos eólicos previstos para a entorna do Lago das Pontes e as Fragas do Eume, parque eólico Santuario, parque eólico Tesouro, parque eólico Moeche, parque eólico Badulaque.

O impacto visual e paisaxístico é severo, crítico e permanente durante a vida útil das estacións eólicas. Ao anterior hai que engadir o impacto da placa de hidróxeno á beira do lago e dentro do Dominio público hidráulico.



Lago das Pontes. A parcela onde se ubica a Subestación e os aeroxeradores inclue o Dominio público hidráulico





Detalle da Parcela con referencia catastral 15071A04500004, onde se ubican as instalacións do proxecto eólico Tesouro, con risco de encharcamento.

Por RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, inclúense catrocentas zonas húmidas no Inventario de zonas húmidas de Galicia, DOG Núm. 50, de 13 de marzo de 2023, entre eles o Lago das Pontes.

A día de hoxe, o vertedoiro é un ecosistema en permanente transformación, onde coexisten zonas de pasteiros, de arboledas, de matogueiras e humidais. Atópase dividida en dúas zonas diferenciadas: a zona este, máis próxima á mina e a oeste, de maior extensión, que alcanza ata 160 metros de altura.

O vertedoiro exterior converteuse nun hábitat de gran valor ambiental, con máis de 180 especies distintas de animais, froito dunha colonización espontánea e 600.000 árbores, que actualmente conforma unha parte definitoria da paisaxe das Pontes e intégrase na contorna natural tradicional dos montes galegos.

O Lago das Pontes



O proceso de inundación iniciouse en xaneiro de 2008 e finalizou en abril de 2012. A calidade da auga dependía de varios factores, como o tempo de enchido e as reaccións químicas. Dado que o principal problema era a posible acidificación das augas, para evitalo, tomáronse múltiples medidas, entre outras, cubrir o fondo cunha capa de

arxila duns 70 centímetros que evitou que a auga entrase en contacto co carbón. Hoxe en día non se garante que as augas do lago non poidan verse afectadas polos procesos de acidificación referidos. Cómpre ter moi en conta que o enchido do lago produciuse á costa da rede fluvial da entorna, un ben común de toda a cidadanía.

Neste momento, o Lago, recibe continuamente as achegas dos ríos Illade, Meidelo e Maciñeira, as procedentes dos arrosos Uz e Chao, as augas de escorrentía do vertedoiro exterior e as precipitacións que caen sobre o mesmo. Conta con dúas illas ideadas para facilitar a implantación da flora e a fauna na contorna e dispón tamén dunha praia na zona máis próxima ao pobo, cunha anchura de 38 metros e unha lonxitude de 430 metros.

Constitúe unha importante zona de ocio que vai a verse alterada co funcionamento da planta de hidróxeno e o parque eólico Tesouro, que prevén en conxunto un impacto visual e paisaxístico crítico sobre a AEIP Lago das Pontes, coa perda da funcionalidade paisaxística deste espazo catalogado.


- **AFECCIÓN SEVERA, CRÍTICA E PERMANENTE PARA AS ÁEAS DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP). PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA DESTAS E AFECCIÓN SEVERA Á REDE DE MIRADORES**



1. AEIP_11_09 O Lago das Pontes
2. AEIP_10_04 Serra do Forgoselo
3. AEIP_11_10 Fraga da Carballeira
4. AEIP_10_02 Pazo da Marquesa-Xubia

5. AEIP_10_05 Fragas do Eume
6. AEIP_10_03 Fragas e fervenza do Belelle
7. AEIP_03_01 Serra da Carba
8. AEIP_11_07 Castelo de Moeche
9. AEIP_11_03 Fraga de Os Casás
10. AEIP_11_08 Fraga de Ambosores-Alto Sor
11. AEIP_10_06 Mosteiro de Monfero

O impacto visual e paisaxístico para as Áreas de Especial Interés Paisaxístico catalogas é severo, crítico e permanente durante a vida útil das estacións eólicas Tesouro, Santuario, Badulaque e Moeche. Existe un risco severo e previsible da perda da súa funcionalidade paisaxística derivada da acumulación de aeroxeradores en torno aos espazos catalogados.



1. Miradoiro A Carballeira
2. PR-G 147 Sendeiro As Fragas da Ribeira e do Lostegal
3. Miradoiro Alto do Caxado
4. Miradoiro O Peñote
5. Miradoiro da Gañidoira
6. Miradoiro Alto da Curuxeira
7. Miradoiro Teixido
8. Mirador de Caaveiro
9. Miradoiro da Fervenza ou Viladonelle
10. Miradoiro Coto do Rei
11. Miradoiro dos Cerqueiros
12. Miradoiro Alto da Faladoira
13. Castelo de Moeche
14. Castelo de Nararío
15. Mosteiro de San Xoán de Caaveiro
16. Santa María de Monfero
17. Casa Grande de Enchousas
18. Igrexa parroquial Espiñaredo (Santa María)
19. Igrexa parroquial Seoane (San Xoán)
20. Igrexa parroquial Goente (San Martiño)
21. Igrexa parroquial Caaveiro (San Boulo)
22. Igrexa parroquial Vilavella (Santa María)
23. Igrexa parroquial Ribadeume (Santa María)

24. Igrexa parroquial As Pontes de García Rodríguez (Santa María)
25. Igrexa parroquial Recemel (Santa María)
26. Igrexa parroquial Igrexafeita (Santa María)
27. Pazo de Ribeira
28. Igrexa parroquial San Pedro de Eume (San Pedro)

- **A IMPORTANCIA ECOLÓXICA E PAISAXÍSTICA DA SERRA DO FORGOSELO. AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA A ÁREA DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP) SERRA DO FORGOSELO. FRAGMENTACIÓN DOS HÁBITATS E DAS PAISAXES. AS ESPECIES NON ENTENDEN DE LÍMITES**

O proxecto industrial eólico Tesouro prevé o seu desenvolvemento a escasos metros da Serra do Forgoselo e da Rede Natura 2000. O Forgoselo está conformado por chans hiperhúmedos con abondosas pozas, turbeiras e brañas.

A Serra do Forgoselo, como xa se indicou con anterioridade, conta xa con numerosos aerogeradores instalados.

- **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA A ÁREA DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP) LAGO DAS PONTES**





- **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA, CRÍTICA E PERMANENTE DURANTE A VIDA ÚTIL DA ESTACIÓN EÓLICA PARA A ÁREA DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP) FRAGAS DO EUME**



O Parque Natural das Fragas do Eume é zona natural na provincia da Coruña, en Galicia, que se estende por unha superficie de máis de 9.000 hectáreas e é un dos espazos naturais máis importantes da rexión, coñecido pola súa gran diversidade de fauna e flora e polos seus impresionantes bosques de ribeira.

O Parque Natural das Fragas do Eume foi declarado en 1997 e esténdese ao longo de máis de 80 km seguindo as beiras do río Eume. Constitúe a mellor representación do bosque Atlántico Termófilo de toda a Europa Atlántica, tanto pola súa extensión como pola súa excelente conservación natural.

O principal atractivo do parque son as fragas, bosques autóctonos de gran valor ecolóxico e cultural, formados por árbores como o carballo, o bidueiro e o amieiro, entre outros. Ademais dos bosques, o parque conta cunha gran variedade de ríos, arrosios e fervezas, que lle confiren unha paisaxe única e de gran beleza.

Entre os lugares máis interesantes que se poden visitar no Parque Natural das Fragas do Eume destacan:

Miradoiro da Bailadora

Este miradoiro ofrece unha das vistas máis impresionantes do parque, con panorámicas dos bosques de ribeira e do río Eume.

Mosteiro de Caaveiro

Este mosteiro é un dos máis importantes do parque e data do século X. Atópase nunha posición elevada sobre o río Eume e ofrece vistas espectaculares do parque.

Ferveza da Xesta

Esta ferveza é unha das máis bonitas do parque, cunha caída de auga de máis de 40 metros. Atópase nun bosque de ribeira e é un lugar ideal para gozar da natureza.

Carreiro do río Eume

Este carreiro percorre a ribeira do río Eume e é un dos percorridos máis populares do parque. Ofrece vistas impresionantes dos bosques e do río e é un lugar ideal para facer sendeirismo.

Centro de Interpretación do Parque Natural das Fragas do Eume

Este centro de interpretación é un lugar ideal para coñecer a historia e a rica biodiversidade do parque. Conta con exposicións interactivas e audiovisuais, así como con roteiros guiados e talleres educativos.

En definitiva, o Parque Natural das Fragas do Eume é un dos destinos naturais máis interesantes de Galicia e ofrece unha gran variedade de actividades para gozar da natureza. Os seus bosques de ribeira, ríos e fervezas son unha verdadeira marabilla e merecen unha visita por parte de calquera amante da natureza.

- **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA PARA A CHEMINEA DA CENTRAL TERMOELÉCTRICA DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (DOG NÚM. 125, DE 1 DE XULLO DE 2022). DESCONTEXTUALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO**

Por RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incóase o procedemento para declarar ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez (DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022).

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.5.2016) (en diante, LPCG), establece no seu primeiro artigo que «O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo».

Así mesmo, no seu artigo 8.2 determina que: «[...] terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei». Máis adiante este artigo establece que os bens poden ser inmobles, mobles ou inmateriais.

Por outra parte, o artigo 10.1.a) da LPCG, referido ás categorías de bens inmobles, define como monumento «a obra ou construción que constitúe unha unidade singular recoñecible de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico».

No referido á especificidade tipolóxica do patrimonio cultural, a LPCG describe no capítulo V do título VII o patrimonio industrial integrado por: «[...] os bens mobles e inmobles e os territorios e paisaxes asociados que constitúen testemuños significativos da evolución das actividades técnicas, extractivas, tecnolóxicas, da enxeñaría, produtivas e de transformación cunha finalidade de explotación industrial, en que se recoñeza a súa influencia cultural sobre o territorio e a sociedade e que manifesten de forma significativa e característica valor industrial e técnico».

Ben que o artigo 104 da LPCG indica que se presume a existencia deste valor cultural do patrimonio industrial para os bens anteriores a 1936, o punto terceiro do mesmo artigo indica que pode ser recoñecido este valor a bens construídos con data posterior se así o xustifica un estudo polo miúdo do ben. A documentación e informes que existen no expediente xustifican o carácter singular e excepcional de parte das instalacións da central termoeléctrica.

Tendo en conta o dito, coas evidencias da existencia dun valor cultural sobranceiro e o risco da súa desaparición que derivan da recente declaración de impacto ambiental do proxecto de desmantelamento da central, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural considera xustificado incoar de oficio o procedemento de declaración de ben de interese cultural do seu elemento icónico e máis representativo, a cheminea de formigón.

En consecuencia co anterior, a directora xeral de Patrimonio Cultural, exercendo as competencias establecidas no artigo 24 do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se dispón a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do disposto no título I da LPCG e no Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

▪ **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA O DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO LAGO DAS PONTES**

Por ANUNCIO do 6 de novembro de 2015 sométese a exposición pública o proxecto de deslinde do dominio público hidráulico no lago da mina das Pontes de García Rodríguez (DOG Núm. 233, de 7 de decembro de 2015).

Non todas estas áreas húmedas ou humedais se tiveron en conta durante a tramitación ambiental do proxecto eólico Tesouro. De feito obviouse o humedal Braña da Calzada, pese a estar dentro da poligonal e moi próximo aos aeroxeradores.

De feito constátase a presenza dun elevado número de anfibios e réptiles vencellados a estes espazos e que precisamente atópanse clasificados coa categoría de vulnerable como pode ser: *Alytes obstetricans*, *Chioglossa lusitánica*, *Coronella austriaca*, *Discoglossus galganoi*, *Epidalea calamita*, *Hyla molleri*, *Lacerta schreiberi*, *Pelophylax perezi*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, ...etc.

Téñase en conta o concepto de humedal no sentido máis amplo, non só polo principio de prevalencia da protección ambiental e do principio de precaución, senón que apélase ao explicitado na declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (ANUNCIO do 13 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (expediente 2019AAE2354)), DOG Núm. 81, de 28 de abril de 2022, que recoñece que existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas. Ademais establece a categoría dentro das Zonas protexidas.

Polo tanto, se o espírito da estratexia da planificación hidrolóxica citada é establecer medidas para outras zonas húmidas, incluso aquelas que non aparecen nos inventarios, coa finalidade de protexelas, cómpre anticipar a protección destes espazos tendo en conta as particularidades e singularidades destes en Galicia, que mesmo atinxen a zonas de vaguadas, portos, portiños, brañas, brañóns, corgas, paraxes ribeiregas, veigas ou chairas de inundación dos leitos fluviais...etc.

▪ **O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO EÓLICO TESOURO E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN E CONEXIÓN**

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en cuenta, en particular:

- a) o uso presente e aprobado da terra;
- b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);
- c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:
 - i) húmidas, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,
 - ii) zonas costeiras e medio mariño,
 - iii) zonas de montaña e de bosque,
 - iv) reservas naturais e parques,
 - v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,
 - vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,
 - vii) áreas de gran densidade demográfica,
 - viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e húmidas afectados.

▪ **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E IRREPARABLES PARA OS CHANS E O MEDIO AMBIENTE**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación do parque eólico proxectado alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as

cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

O EsIA calcula unha superficie de ocupación de 45,57 ha distribuída das cales 18,03 ha será ocupación temporal e 27,54 ha ocupación permanente.

Segundo o promotor, a principal ocupación permanentes será producida polos viais (15,48 ha), así como pola ocupación xerada polas cimentacións dos aeroxeradores (2,08 ha). A maior afección temporal estará ocasionada pola implantación das plataformas de montaxe cunha ocupación de 21,42 ha. Os viais de acceso aos apoios da liña de evacuación, realizarase por camiños existentes ou campo a través, sendo necesario realizar actuacións en 3.655,56 metros lineais.

O promotor estima que o movemento de terras asociado a viais e plataformas de aeroxeradores será de 497.193,24 m³ de escavación e 117.999,63 m³ de recheo. En total estima un movemento neto de terras para o parque eólico de 605.576,95 m³ para escavación e 172.052,48 m³ para recheo.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as escavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

- **PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA O LOBO E PARA A VIABILIDADE DA ESPECIE DERIVADOS DO PROXECTO EÓLICO TESOURO, SANTUARIO, MOECHE, BADULAQUE E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS (OBXECTO DOUTROS PROXECTOS INDEPENDENTES E NON SOMETIDAS Á PRESENTE AVALIACIÓN AMBIENTAL). AFECCIÓN AOS SEUS PUNTOS DE ENCAMO E PUNTOS DE ENCONTRO LOBEIROS**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. **Pero esta avaliación deberá ser previa á ubicación das instalacións do proxecto** e avaliar os seus impactos sinérxicos e acumulados coa totalidade de parques e infraestruturas de evacuación xa instaladas e aprobadas e pendentes de execución na mesma área xeográfica. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Polo tanto, antes de escoller o emprazamento do proxecto xa se deba prever estes puntos de encame e de encontros lobeiros. O proxecto tal e como se prevé executar eliminará estes puntos de encontro e encame causando prexuízos irreversibles para a especie. Non se seguiron os criterios dos expertos que indican:

“• Na fase de planificación dun novo proxecto consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto das infraestruturas industriais sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido, modificando a disposición das infraestruturas e alonxando estas dos puntos de encame e puntos de encontro das manadas de lobos.

• É conveniente que durante a planificación dun proxecto industrial identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas industriais fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo

VIII.- AFECCIÓN SEVERA PARA AS AVES E INSECTOS COMO CONSECUENCIA DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA XERADA POLAS INFRAESTRUTUAS EÓLICAS EXISTENTES NO ÁMBITO XEOGRÁFICO DO PROXECTO DO PROXECTO EÓLICO TESOURO, SANTUARIO, MOECHE E BADULAQUE

Non se realizou un estudo sinérxico, aditivo e/ou acumulado da contaminación lumínica total xerada polos numerosos aeroxeradores presentes na área xeográfica dos proxectos eólicos Tesouro, Santuario, Moeche e Badulaque. Ademais cómpre avaliar o impacto da contaminación lumínica sobre as familias dos núcleos rurais afectados, a avifauna e a liña de costa da totalidade dos aeroxeradores, posto que non é cuestión baladí pola súa incidencia non só sobre a avifauna senón tamén sobre a cidadanía e os habitantes da área xeográfica afectada.

A iluminación instalarse en todos os casos na parte superior da góndola do aeroxerador. Os aeroxeradores cuxa altura sexa igual ou inferior aos 150 metros non requirirán de luces adicionais intermedias na súa torre.

Aqueles que superen os 150 m de altura deben ter instaladas na torre luces de baixa intensidade Tipo E a distintos niveis. No presente caso os aeroxeradores deberán iluminarse.

Cómpre lembrar o contexto da área xeográfica na que se prevé a súa instalación: á beira da Rede Natura 2000 e con afección significativa e directa sobre ela e con presenza doutros parques eólicos xa instalados e en funcionamento.

O número de luces necesario por nivel dependerá do diámetro exterior do mastro das turbinas eólicas. Os números recomendados para obter a cobertura adecuada e asegurar a visibilidade desde todos os azimuts, son os seguintes:

| Diámetro | Elementos luminosos por nivel |
|-----------------|--------------------------------------|
| 6 m o menos | 3 |
| 6 m a 30 m | 4 |
| 30 m a 60 m | 6 |
| Más de 60 m | 8 |

Espaciado diametral de luces de obstáculos Doc. 9157 OACI, Parte 4, Cap. 14

A iluminación dos aeroxeradores que deban estar iluminados e que pertencen a un mesmo parque eólico, debe estar sincronizada tanto de día como de noite.

Dentro dun parque eólico, toda turbina sensiblemente maior ca a súa contorna deberá iluminarse independentemente da súa posición relativa ao resto.

Así mesmo, a iluminación de parques eólicos próximos (aqueles cuxa distancia entre os aeroxeradores que marcan as extremidades máis próximas entre si dos parques sexa inferior ou igual a 10 km) debe estar sincronizada entre si tanto de día como de noite.

Para conseguir que, tanto a configuración global de a iluminación de parques próximos, como o sincronismo de a iluminación de todos eles sexa coherente, os promotores de parques eólicos de nova construción deberán analizar a súa contorna e establecer os pertinentes acordos con propietarios e explotadores de parques existentes de forma que se coordinen os sincronismos e optimícese as iluminacións dos diferentes elementos para conseguir os necesarios obxectivos de seguridade e minimizar, no posible, o impacto ambiental producido.

IX.- DEFECTOS DE TRAMITACIÓN NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA AS PERSOAS INTERADAS E AS ASOCIACIÓNS AMBIENTAIS

O CAPITULO II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental.

O artigo 37 desta lei establece o mecanismo de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto.

Simultaneamente ao trámite de información pública (30 días) o órgano substantivo deberá solicitar os informes preceptivos establecidos no apartado 2 do artigo 37 e que deberán estar debidamente motivado polo organismo emisor.

Unha vez finalizado este prazo, o órgano substantivo (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) ten a obrigaón de poñer ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas aquelaoutra información distinta da prevista no apartado 3 que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública a que se refire o artigo 36 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

É dicir, o lexislador estableceu no apartado 5 do artigo 37 o procedemento de audiencia ás Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas, de todos os informes preceptivos emitidos polos organismos.

Desta forma as Administracións Públicas afectadas e o público interesado terá a posibilidade real de participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións ambientais, a cuxo efecto “terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas todas as opcións, á autoridade ou autoridades competentes, antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto.

Resulta evidente a omisión do trámite de posta ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas de todos os informes preceptivos que resultan relevantes para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

O artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

1. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.

Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

2. En todo momento poderán os interesados alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto. Ditas alegacións poderán dar lugar, se houber razóns para iso, á esixencia da correspondente responsabilidade disciplinaria.

Á vista do anteriormente exposto, denúncianse os defectos de tramitación do expediente derivado da Resolución do 17 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se outorga a Enel Green Power España, SL, autorización administrativa previa para o parque eólico Tesouro de 50,4 MW instalados, e as súas infraestruturas de evacuación, situados na Capela e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), «BOE» núm. 101, do 28 de abril de 2023 e SOLICITANDO do órgano substantivo a adopción das medidas administrativas oportunas, ao obxecto de non incorrer deliberadamente na vulneración dos dereitos constitucionais de participación que asisten ás persoas interesadas e sobre todo as entidades ambientais.

X.- A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- Teña por presentado o Recurso de Alzada á Resolución do 17 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se outorga a Enel Green Power España, SL, autorización administrativa previa para o parque eólico Tesouro de 50,4 MW instalados, e as súas infraestruturas de evacuación, situados na Capela e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), «BOE» núm. 101, do 28 de abril de 2023, por incorrer en infracción normativa e nulidade de pleno dereito derivada dos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Anúlese por tanto a resolución da autorización administrativa recorrida do parque eólico Tesouro.

Solicítase a suspensión cautelar urxente da eficacia da Resolución do 17 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se outorga a Enel Green Power España, SL, autorización administrativa previa para o parque eólico Tesouro de 50,4 MW instalados, e as súas infraestruturas de evacuación, situados na Capela e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), «BOE» núm. 101, do 28 de abril de 2023, posto que as afeccións ecolóxicas, visuais e paisaxísticas prevense severas e irreversibles. A afección a especies catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción tamén se prevé severa, ao igual que aos hábitats prioritarios e de interés comunitario indicados no corpo deste informe. Destaca a afección severa á especie vulnerable *Circus pygargus*, elixida ave do ano 2023 pola organización ambiental SeoBird Life, precisamente para chamar a atención sobre o seu declive poboacional e que camiña de forma inexorable a súa extinción.

No presente caso non só se trata do proxecto eólico Tesouro e as infraestruturas conexas, senón que existen outros proxectos autorizados a implantar na área xeográfica de implantación deste, como o proxecto industrial eólico Badulaque, o proxecto industrial eólico Moeche e o proxecto industrial eólico Santuario. Neste senso, a información ambiental presentouse fragmentada en proxectos independentes ou divididos artificialmente, o que impide ao público a valoración conxunta e global da mesma e por tanto dos impactos ambientais sinérxicos, aditivos e/ou acumulados e por outra banda, non se permitiu a participación efectiva na toma de decisións sobre o medio ambiente afectado polo conxunto dos proxectos industriais eólicos.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EsIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

2.- Nas proximidades do proxecto eólico Tesouro, tamén resultaron autorizados o proxecto eólico Moeche, o proxecto eólico Badulaque e o proxecto eólico Santuario. Non obstante, na entorna destes hai instalados e en tramitación máis de trescentos aeroxeradores segundo se puido comprobar nas visistas de campo, no Rexistro eólico de Galicia e no Plan Básico autonómico.

A elevada saturación de aeroxeradores na zona crea unha barreira crítica para as aves e a biodiversidade, fragmenta os hábitats e xera un importante Feísmo paisaxístico que debera terse en conta polo órgano substantivo. Esta barreira crítica de aeroxeradores obriga ás aves a realizar grandes cambios de roteiros, co consecuente gasto enerxético que iso supón. O aumento de densidade de aeroxeradores xerará un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións. Por outra anda a paisaxe preséntase fragmentada con un elevado grao de aeroxeradores susceptibles de producir feísmo paisaxístico.

Cómpre ter en conta ademais a presenza na mesma área xeográfica de máis de 300 aeroxeradores xa instalados e en tramitación. Non deberan instalarse máis infraestruturas deste tipo nun área xeográfica que se caracteriza precisamente pola elevada concentración e densidade de aeroxeradores e liñas eléctricas.

Por outra banda, as infraestruturas do proxecto industrial eólico afectan a hábitats prioritarios e de interés comunitario, producindo afeccións severas e irreversibles para estes.

Cómpre ter en conta a Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres que indica:

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

Cómpre lembrar a obriga normativa de manter os hábitats de interés comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación como se prevé no proxecto industrial eólico Tesouro.

A corta de matogueira afecta de forma severa a especies catalogadas como vulnerables como a tartaraña cincenta que aniñan precisamente nestes espazos. A corta de matogueira tamén afecta de forma severa a especies protexidas como o logo, afectando aos puntos de encame e zonas de encontro lobeiros. Lembrar que a tartaraña é unha especie protexida e catalogada como vulnerable.

As infraestruturas prevense instalar nun área xeográfica con unha presión eólica excesiva. A contaminación lumínica do conxunto prevese severa para áreas de alto valor ambiental como a ZEC Xubia -Castro, a Serra do Fergoselo e o Parque Natural Fragas do Eume.

O proxecto eólico Tesouro prevé unha afección visual e paisaxística severa sobre a Rede Natura 2000 e o Parque Natural das Fragas do Eume:

1. ZEC ES1110001 Ortigueira-Mera
2. ES1110013 Xubia – Castro
3. ES1110003 Fragas do Eume - DECRETO 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declaran o parque natural das Fragas do Eume.
4. ES1120003 Parga - Ladra – Támoga
5. ES1120015 Serra do Xístral

A SENTENCIA: 00311/2020, de 11 de decembro de 2020 do TSXG (PROCEDIMENTO ORDINARIO nº 0007342 /2019) indica ao efecto: *"O impulso da enerxía eólica debe planificarse evitando toda posíbel interferencia para a ampliación da Rede Natura, salvando o impacto visual dos parques eólicos nas proximidades do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), sen que poidan situarse os parques eólicos e logo pretender ampliar a Rede Natura cando as especies a protexer non entenden de planeamentos ou fronteiras, polo que as zonas ecoloxicamente relevantes deben obter unha protección íntegra, sen que poda haber espazos protexidos rodeados de muíños".*

A elevada saturación de aeroxeradores na zona crea unha barreira crítica para as aves e a biodiversidade, fragmenta os hábitats e xera un importante Feísmo paisaxístico que debera terse en conta polo órgano substantivo. Esta barreira crítica de aeroxeradores obriga ás aves a realizar grandes cambios de roteiros, co consecuente gasto enerxético que iso supón. O aumento de densidade de aeroxeradores xerará un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións. Por outra andá a paisaxe preséntase fragmentada con un elevado grao de aeroxeradores susceptibles de producir feísmo paisaxístico.

Debéranse ter en conta percepcións e preocupacións da poboación antes da instalación das turbinas, o que non foi o caso. Durante as visitas de campo constatouse unha seria preocupación veciñal ao respecto. Por outra banda, non se avaliou de forma adecuada o impacto xerado polo ruído dos aeroxeradores e o impacto visual e paisaxístico destes sobre a avifauna.

3.- O proxecto eólico Tesouro afecta a especies protexidas como *Alytes obstetricans*, *Canis lupus*, *Chioglossa lusitánica*, *Discoglossus galganoi*, *Epidalea calamita*, *Genetta genetta*, *Hyla molleri*, *Lacerta schreiberi*, *Lutra lutra*, *Margaritifera margaritifera*, *Mustela putorius*, *Narcissus triandus*, *Oxygastra curtisii*, *Pelophylax perezi*, *Pseudochondrostoma duriense*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Ruscus aculeatus*, *Triturus marmoratus*, *Vipera seoanei*, *Sphagnum* spp., *Erithacus rubecula*, ...etc. O proxecto eólico Santuario afecta a máis de 63 especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) e nas Directivas de hábitats e aves da UE.

Destaca a afección severa e directa das infraestruturas do proxecto eólico Tesouro á especie chave dos ecosistemas como é *Sphagnum pylaisii* (*Sphagnum pylaisii*), que é un brión que crece sobre chans permanentemente húmidos, como poden ser prados hidromorfos, breixeiras higrófilas, turbeiras, etc., que, en xeral, son medios ácidos oligotrofos (pobres en nutrientes).

No que respecta aos efectos sinérxicos e acumulativos non se avaliaron a totalidade das sinerxías no EsIA. Tan só se analizan catro parques eólicos en funcionamento (Forgoselo, Serra da Loba, Serra do Punago-Vacariza e Cordal de Montouto) e en procedemento de avaliación de impacto ambiental (Moeche, Badulaque, Caaveiro e Santuario). Tan só se teñen en conta 4 dos 19 existentes e non se fai referencia á totalidade dos 332 aeroxeradores existentes na área de afección. Destaca a afección severa á especie vulnerable *Circus pygargus*, elixida ave do ano 2023 pola organización ambiental *SeoBird Life*, precisamente para chamar a atención sobre o seu declive poboacional e que camiña de forma inexorable a súa extinción.

As infraestruturas tamén afectan a especies protexidas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) e chaves para os ecosistemas como *Sphagnum pylaisii*.

A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.

Non se avaliou suficientemente o impacto xerado polo cúmulo da totalidade das infraestruturas, en particular a contaminación lumínica que se vai a derivar para a avifauna e que habita as numerosas zonas húmedas que existen na contorna.

Por outra banda, a Liña eléctrica de evacuación tamén afecta a hábitats prioritarios e de interese comunitario e a especies protexidas e catalogadas como vulnerables polo Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).

4.- Os proxectos eliminan a funcionalidade actual e potencial das vías pecuarias ou camiños tradicionais e non ten en conta A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E O INTERCAMBIO XENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES.

Cómpre ter en conta que varios “vieiros a acondicionar” do proxecto desempeñan arestora unha función ambiental como carreiros e corredores ecolóxicos, esenciais estes para o intercambio xenético e o fluxo das especies.

5.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso conséntase un rexeitamento social ao proxecto eólico Tesouro e aos demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: *“Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”*.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

6.- Debera abrirse previamente un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico Tesouro e a súa infraestrutura común de evacuación aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

Os impactos visuais e paisaxísticos dos aerogeradores do proxecto eólico Tesouro prevense severos, críticos e permanentes no tempo durante a vida da estación eólica. O impacto sobre as áreas catalogadas como Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) é severo e irreversible, en particular para:

1. AEIP_11_09 O Lago das Pontes
2. AEIP_10_04 Serra do Forgoselo
3. AEIP_11_10 Fraga da Carballeira
4. AEIP_10_02 Pazo da Marquesa-Xubia
5. AEIP_10_05 Fragas do Eume
6. AEIP_10_03 Fragas e fervenza do Beelle
7. AEIP_03_01 Serra da Carba
8. AEIP_11_07 Castelo de Moeche
9. AEIP_11_03 Fraga de Os Casás
10. AEIP_11_08 Fraga de Ambosores-Alto Sor
11. AEIP_10_06 Mosteiro de Monfero

O impacto visual e paisaxístico para as Áreas de Especial Interese Paisaxístico catalogas é severo, crítico e permanente durante a vida útil das estacións eólicas Tesouro, Santuario, Badulaque e Moeche. Existe un risco severo e previsible da perda da súa funcionalidade paisaxística derivada da acumulación de aerogeradores en torno aos espazos catalogados. Trátase de 7 aerogeradores con unhas dimensións espectaculares en canto á altura (200 metros) e radio, se ben na autorización do proxecto non se mencionan as súas dimensións, pese ao importante impacto visual e paisaxístico destes.

O impacto visual e paisaxístico severo esténdese para o ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez (DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022) e a Rede de Miradores da área de afección do proxecto. Prevese un risco severo no tocante á perda da funcionalidade paisaxística destes espazos catalogados.

7.- Deberan someter a exposición pública a documentación ambiental dos proxectos eólicos no seu conxunto, incluída a liña de evacuación e demais infraestruturas asociadas de conexión, para non diluir ou reducir os impactos do conxunto e así facilitar a participación da cidadanía na análise dos impactos globais do conxunto, sobre todo de cara a analizar o impacto paisaxístico e garantir a existencia de corredores ecolóxicos.

A excesiva fragmentación dos ecosistemas e a falla de avaliación do impacto sobre o lobo ibérico afecta de forma severa ao seu hábitat, tendo en conta que o lobo atópase estritamente protexida. A corta de matogueira que se leva a cabo nas obras de construción dos parques afecta aos puntos de encame e puntos de encontro da especie. Tras a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, todas as poboacións de lobo (*Canis lupus*) están incluídos na “Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial” recollido no Real Decreto 139/2011.

Ademais da afección a especies vulnerables e en perigo de extinción, existe unha afección severa a hábitats prioritarios e de interese comunitario. Existe a obriga de manter estes últimos nun estado de conservación favorable.

8.- A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal das brañas e lagoas ubicadas na área de afección do proxecto.

Existen unha serie de humedais afectados polos proxectos e que foron obviados na tramitación ambiental. Non se garante por tanto a necesaria conectividade ecolóxica lonxitudinal e transversal dos ecosistemas nin a necesaria coherencia da Rede Natura 2000. A afección aos humedais non garante a existencia de corredores ecolóxicos nin a permeabilidade dos ecosistemas, dos hábitats e as especies que os habitan.

A densidade das infraestruturas eólicas existentes e previstas na área de implantación dos proxectos descritos implica un risco claro de xerar “illas biolóxicas”, derivado da fragmentación excesiva dos hábitats e sin garantir a necesaria permeabilidade ecolóxica.

8.- A IMPORTANCIA DA LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os MONTES COMO RESERVORIOS E DEPÓSITOS DE FIXACIÓN DE CARBONO e a FUNCIÓN SOCIAL DO MONTE foi obviada na tramitación ambiental do proxecto eólico Tesouro e os parques eólicos en tramitación na área de afección destes.

Os montes, independentemente da súa titularidade, desempeñan unha función social relevante, tanto como fonte de recursos naturais e sustento de actividades económicas como por ser provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, de protección do chan e do ciclo hidrolóxico; de fixación do carbono atmosférico; de depósito da diversidade biolóxica e como elementos fundamentais da conectividade ecolóxica e da paisaxe.

O recoñecemento destes recursos e externalidades, dos que toda a sociedade benefíciase, obriga ás Administracións públicas a velar en todos os casos pola súa conservación, protección, restauración, mellora e ordenado aproveitamento.

As cimentacións dos parques eólicos, a construción e acondicionamento de viais, a insalación de gabias de cableado, a proxección das liñas de evacuación cos respectivos puntos de apoio e accesos aos mesmos, xunto coa remoción de toneladas de terra precisa para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal e dos humedais convirte aos chans en recurso natural non renovable e finito que perde a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible. O mesmo sucede cos humedais e os terreos ribeiregos aos cauces, coa conseguinte afección á necesaria conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade dos ecosistemas e dos hábitats.

O desenvolvemento eólico non consegue axudar no desenvolvemento económico das comunidades rurais afectadas, mentres que o aproveitamento forestal que se ve ameazado co desenvolvemento eólico supón unha axuda económica importantísima nas economías familiares.

Nas ribeiras dos ríos e en pequenos bosquetes illados consérvanse masas de vexetación autóctona, principalmente carballos, freixos, ameneiros e salgueiros.

Non debería argumentarse a necesidade de instalar parques eólicos en beneficio do medio ambiente perxudicando algo que actualmente está realizando de forma activa unha labor protectora do solo, da biodiversidade e ademais mitigando o cambio climático.

A proliferación de parques eólicos nos municipios afectados e contorna, co conseguinte impacto paisaxístico e medio ambiental, inciden directamente nas posibles oportunidades dos municipios afectados para conseguir loitar contra o despoboamento rural.

Ninguén nin ningún poder público ou Administración ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe, protexido polo Convenio europeo da Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan.

Neste caso debe considerarse a actividade eólica como un uso incompatible e prohibido en relación a capacidade de produción forestal e vocación tradicional dos terreos nos que se asientan as explotacións forestais e os prexuízos irreversibles para os humedais presentes e afectados polas infraestruturas do proxecto eólico Tesouro e os parques eólicos asociados que afecta de forma significativa e irreversible á conectividade ecolóxica dos ecosistemas.

9.- O trámite ambiental levado a cabo na tramitación do proxecto eólico Tesouro non permitiu valorar a importancia da zonificación da conectividade ecolóxica estrutural como variable transcendental para coñecer o grao de facilidade ou dificultade que un espazo natural posúe para albergar as interrelacións da biodiversidade.

Analizada a documentación ambiental das infraestruturas detéctase que a metodoloxía empregada non permitiu definir as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural da área xeográfica de implantación dos proxectos.

Non se determinou o índice de fragmentación dos ecosistemas e polo tanto non se puido establecer o grao de conectividade/criticidade.

Non se estableceron as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural. Nesta relación un maior grao de criticidade conleva a un menor grao de conectividade ecolóxica estrutural.

Á vista do elevado número de parques xa instalados e os que están a ser obxecto de tramitación débese avaliar os impactos acumulados, sinérxicos e globais de todas as infraestruturas, e máis tendo en conta que non se está a facer un seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia, e polo tanto non se dispoñen de datos ao respecto.

Por outra banda non se permite o acceso aos estudos de colisión e electrocución da avifauna actualizados dos que dispoña o órgano ambiental tanto con respecto aos parques eólicos como ás liñas de media e alta tensión e nos que se basean as mercantiles promotoras para facer as súas previsións, xa que logo, todo indica que desde a elaboración dun estudo realizado por Arcea no ano 2009 non se volveron a actualizar os datos, os estudos ou informes, pese a avalancha de parques eólicos e instalacións de evacuación que se están a tramitar. O mesmo se pide en relación cos estudos de quirópteros.

É necesario considerar ademais que a iluminación dos aeróxeradores presenta moitas outras problemáticas sociais, xerando molestias a distintos niveis á poboación circundante a nivel de saúde pública e conferindo á paisaxe «unha imaxe de desasosego». Doutra banda, organizacións de referencia como SEO/Birdlife alertaron que as luces e escintileos luminosos provenientes dos xeradores alteran os ciclos naturais de moitos seres vivos durante o período nocturno e as súas pautas de comportamento ao modificar os seus ritmos circadianos, chegando a desorientar ás aves e certos anfibios nos seus procesos migratorios. Ademais cómpre ter en conta os impactos das turbinas sobre o gando salvaxe que vive na Serra do Forgoselo, impactos obviados na tramitación ambiental.

10.- Ao longo da tramitación ambiental do procedemento relativo ao proxecto eólico Tesouro foron realizándose modificacións deste e incorporándose informes novos ao expediente, que deberan ser sometidos ao trámite de audiencia das persoas interesadas, en particular as organizacións ambientais. Por outra banda, foron eliminándose

posicións de aerogeradores e realizándose outras modificacións que non aparecen debidamente indicadas nin na Declaración de impacto ambiental nin na resolución de autorización do proxecto industrial eólico Tesouro, xerándose unha importante falla de información ambiental e inseguridade xurídica para as persoas interesadas. Tanto a Lei 39/2015, de 1 de outubro como o Convenio de Aarhus recolle a importancia do trámite de audiencia ás persoas interesadas como a necesidade de favorecer a participación pública na toma de decisións relativas ao medio ambiente.

As Pontes de García Rodríguez, 7 de maio de 2023

Asdo.- _____